

**IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO
MEMORIA ANUAL 2005**

1. INTRODUCCIÓN

2. IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO: ¿QUEN SOMOS?

2.1. OBXECTIVOS

2.2. METODOLOXÍA

2.3. FINANCIAMENTO

3. MEMORIA DE ACTIVIDADES

3.1. SENSIBILIZACIÓN

3.2. RECADACIÓN

3.3. FORMACIÓN

3.4. COMUNICACIÓN

3.5. DESENVOLVEMENTO INTERNO E RELACIÓNS EXTERNAS

3.6. COOPERACIÓN

4. XESTIÓN

5. FINANCIAMENTO

6. CONCLUSIÓNS

IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO: MEMORIA ANUAL 2004

1. INTRODUCCIÓN

No ano 2004 IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO experimentou un grande pulo nas súas actividades de sensibilización e na súa presenza nos medios en Galicia. A implicación de moitas persoas fai posible que hoxe poidamos presentar unha nova memoria anual da organización.

Este ano novamente IND tentou levar adiante os seus obxectivos e o seu compromiso coas comunidades desfavorecidas e coa solidariedade en xeral. Así, dende as actividades de recadación de fondos para financiar os nosos proxectos, ata a colaboración en campañas conxuntas con outras organizacións, IND foi crecendo no seu traballo de solidariedade.

De especial importancia consideramos dende IND a celebración de *Implícate! Noite de música e palabra solidaria*, unha noite de arte, cultura e solidariedade que pretendemos converter nunha tradición anual que nos permita achegar e difundir máis o noso traballo e a nosa filosofía na sociedade galega.

Tamén resulta fundamental o inicio do programa de clubs de cooperación, que agardamos estender nos vindeiros anos por toda Galicia e que sirva de vehículo de comunicación e entendemento entre a mocidade galega e a de a India e Etiopía, ademais de un instrumento para difundir o noso labor e a cooperación ao desenvolvemento en xeral.

Igualmente IND segue mantendo o seu compromiso con Galicia facendo cooperación desde o noso lugar no mundo, implicando directamente á nosa comunidade e decidindo desde aquí coas organizacións do sur o que nos parece máis axeitado facer para conseguir un mundo máis xusto. O traballo na India e Etiopía segue consolidándose coa continuación dos proxectos iniciados xa o ano pasado:

- UDP Tiruchy e Reconstrución e Desenvolvemento, Karaikal, na India
- XICAM, North Wollo e OPRIFS, Addis Abeba, en Etiopía

Ademais, a nosa organización irmá IND-INDIA segue desenvolvendo o seu labor de apoio ás organizacións locais coas que traballa IND.

Hoxe, malia que a situación política social e humana mundial produza desesperación e perda de confianza na construción dun outro mundo, a presenza e traballo das socias e integrantes activas/os de IND fainos pensar que é un obxectivo posible e dámos azos para traballar e comprometérmonos máis no noso proxecto. Un ano máis, o noso máis fondo agradecemento a tódalas persoas e institucións que cren cada día polos seus actos nun mundo máis xusto e solidario.

2. IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO: ¿QUEN SOMOS?

IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO nace como iniciativa a finais do ano 97 cando un grupo de persoas sensibilizadas co desenvolvemento en xeral e coa India en particular deciden xunta-los seus esforzos nunha Organización Non Governamental.

IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO constitúese en asociación en abril do ano 1998 e como Organización Non Governamental de Axuda ó Desenvolvemento en agosto dese mesmo ano.

Como calquera asociación, IND conta cunha serie de obxectivos e modos de traballo que lle son propios e que a continuación expoñeremos.

2.1. OBXECTIVOS

IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO é unha Organización Non Governamental (ONG) de desenvolvemento apartidaria e aconfesional que actúa en Galicia con dous obxectivos principais:

- apoiar proxectos de desenvolvemento en países en vías de desenvolvemento
- sensibilizar á comunidade galega, española e dos países desenvolvidos en xeral dos problemas das comunidades coas que se traballa e da necesidade dun cambio global para erradica-la pobreza.

2.2. METODOLOXÍA

IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO (IND) ten unha forma de traballar clara para cumprir-los obxectivos que se acaban de presentar.

En primeiro lugar, existen unha serie de criterios de traballo para a xestión de proxectos de desenvolvemento que se poderían centrar nos seguintes:

- IND financia sempre proxectos xestionados por organizacións locais indias de xeito que se garanta o respecto cultural, a creación de emprego local e a autosuficiencia das comunidades.
- IND financia proxectos primordialmente integrais e que sempre ofrezan garantías de que non se creará unha dependencia entre a comunidade e a ONG senón viceversa, a autosuficiencia da comunidade beneficiaria grazas aos seus propios recursos.

En segundo lugar, con respecto á sensibilización, IND tamén amosa unha forma de traballar claramente definida:

- IND funciona ata o momento na súa totalidade co esforzo voluntario das/os socias/os e simpatizantes. IND promove, xa que logo, o voluntariado en tódolos diferentes aspectos de traballo.
- IND promove en todo momento a colaboración con outras organizacións xa existentes en campañas conxuntas e actividades de todo tipo, agrandando así a forza e a calidade do movemento das ONG ante a sociedade civil e gobernamental.

2.3. FINANZAMENTO

IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO (IND) conta con varias fontes de financiamento: as/os socias/os, as actividades organizadas para recadación, e subvencións de institucións públicas (Xunta, concellos, etc.) e privadas destinadas á sensibilización, ao fortalecemento das institucións sen ánimo de lucro e a programas de cooperación dos que se dará cumprida conta máis adiante.

De todos os cartos recadados IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO (IND) utiliza só un 5% para gastos administrativos.

3. MEMORIA DE ACTIVIDADES

3.1. SENSIBILIZACIÓN

Como ben queda especificado na definición estatutaria de obxectivos de IND, a sensibilización resulta un campo de vital importancia para o noso labor no que este ano se conseguiron importantes obxectivos. De seguido presentamos de forma Individual cada unha das actividades levadas a cabo.

Charla sobre a tsunami ao grupo de voluntarias/os do Concello de Vigo

O día 24 de febreiro, María Reimóndez e Blanca Rodríguez participaron nunha das xuntanzas periódicas das/os voluntarias/os do Concello de Vigo impartindo unha charla sobre o traballo de IND como ONG e máis en particular, sobre o traballo desenvolvido a partir da tsunami no distrito de Karaikal, India.

Participación na «Operación Bocata»

Os días 24 e 25 de febreiro o colexio María Auxiliadora Salesianos de Vigo convidou a María Reimóndez a impartir un par de charlas para todo o alumnado do colexio sobre as accións de IND en Karaikal tras a tsunami dentro da chamada «Operación Bocata» na que se recadaron fondos tamén para impulsar as accións de IND na zona.

Conferencia no Colexio Los Sauces

O día 13 de abril María Reimóndez impartiu unha conferencia para o alumnado de 2º de bachelato do colexio Los Sauces de Vigo sobre as accións de IND na zona afectada pola tsunami. A participación das mozas e mozos foi moi elevada e tratáronse moitos temas relacionados coa cooperación en xeral.

Campaña solidaria 2005 «Tsunami. Só catástrofe natural?» en colaboración con os Maristas e os Salesianos

Dende a Comisión de Solidariedade da Federación de centros xuvenís Don Bosco de Galicia (Salesianos) propuxéronnos poñer en marcha unha campaña de sensibilización sobre a tsunami e as súas consecuencias, así como un cartel explicativo sobre o seu apoio aos nosos proxectos. A idea-marco do cartel partía do lema: "Tsunami: algo máis que unha catástrofe natural" / "Só catástrofe natural?"; ademais, sacaron un folleto informativo con datos sobre como estaba a zona do surleste asiático antes do Tsunami, enfrontándoos con datos actuais. No folleto ía tamén información sobre IND e os proxectos de desenvolvemento no estado de Tamil Nadu antes e despois da Tsunami.

Os centros xuvenís dos salesianos recadaron fondos para IND por valor de 750 euros. Presentaron a campaña o día 8 de abril, montaron unha tenda solidaria ao longo dos meses de abril e maio de 2005 e organizaron dous concertos solidarios: un en Ourense e outro en Vigo (22 de abril) ao que asistiu Ana Luna (secretaria)

Do mesmo xeito, a exposición Penso, logo actúo permaneceu durante algo máis de 15 días na sala común da Asociación xuvenil Abertal en Vigo ao longo do mes de abril de 2005.

Centro de Recursos e Iniciativas para a Solidariedade Crisol

O proxecto CRISOL (Centro de Recursos e Iniciativas para a Solidariedade) naceu como iniciativa de tres organizacións non gobernamentais, para consolidarse definitivamente no Consorcio de dúas ONGD galegas con presenza na cidade de Vigo e na súa área metropolitana: IND (Implicadas/os no Desenvolvemento) e Amarante ecodesenvolvemento. As organizacións acordaron poñer en marcha o Centro de Recursos Integral para a Solidariedade CRISOL en novembro de 2004 no centro de Vigo (Rúa Camelias, 14, Baixo). O equipo reitor de CRISOL está constituído por María Reimóndez, presidenta de IND como coordinadora, Anair Rodríguez como responsable de administración, Ana Luna como responsable de campañas e Xoan Hermida como Responsable de Comunicación.

Ao longo deste segundo ano 2005 de proxecto, as dúas ONGD tivemos unha serie de reunións no CRISOL para decidir cal ía ser a planificación de actividades para o ano 2005, coordinar a marcha do local e darlle publicidade entre a cidadanía viguesa e mailo seu contorno.

Os obxectivos fundamentais que nos levaron a poñer en marcha o CRISOL vanse cumprindo a medida que avanzamos nos nosos proxectos e actividades, a pesar das dificultades que atopamos e os esforzos que investimos para velos reflectidos nos medios de comunicación locais.

ACTIVIDADES CRISOL

IND elaborou un programa de actividades conxuntas entre IND e Amarante para o Centro de Recursos e Amarante un plano de actividades da Tenda para os vindeiros 2005/2006. CRISOL realizou ao longo de 2005 unha serie de actividades mancomunadas entre as dúas organizacións e outras de maneira independente.

Dende xaneiro de 2005 ata decembro de 2005 realizamos, entre outras, as seguintes actividades:

EXPOSICIÓNS

- Do 01 ao 19 de Xaneiro de 2005. "O Soño da Terra". Autora: Rosa Veiga. Crisol. Vigo (ONG Amarante)

- Do 19 de Febreiro ao 8 de Marzo de 2005. "Penso, logo actúo". Autores: IND. Crisol. Vigo (ONG IND).
- Do 10 ao 22 de Marzo de 2005. "Proxectos de cooperación na India-IND". Autores: IND. Crisol. Vigo (ONG IND).
- Do 23 de Marzo ao 09 de Abril de 2005. "Armas baixo control". Autor: Intermón-Oxfam. Crisol. Vigo
- Do 15 de abril ao 30 de abril. "Deja que cante el gallo" exposición de Veterinarios sen Fronteiras.
- Do 16 ao 31 de maio. "¿Sabes o que consumes?"
- Mes de xuño:
Exposición da Coordinadora Galega de ONGDs
Exposición de Educación sen Fronteiras
- Mes de setembro:
Exposición Educar a unha muller, educar a un pobo de InterRed

XORNADAS E CONFERENCIAS:

- 31 de xaneiro. Charla "Loita e resistencia indíxena na rexión de Oaxaca-México". Intervén: Leonor Pérez. Membro do Comité Indíxena Popular- Ricardo Flores Magón. Crisol. Vigo.
- 1 de febreiro. Charla Informativa Xanela 05. Brasil e Nicaragua. Intervén: Beatriz Monteagudo e Luisa. Crisol. Vigo
- 2 de febreiro. Charla Informativa Xanela 05. Ecuador. Intervén: Álvaro Arceo. Crisol. Vigo
- 11 de marzo. Charla-Presentación: Campaña Comercio con Xustiza. Intervén: Daniel Miles. Membro de Intermón-Oxfam. Crisol. Vigo
- 17 de marzo. Charla: "As consecuencias do tsunami na India". Intervén: María Reimóndez. Presidenta de IND. Crisol. Vigo
- 9 de abril: Xornadas sobre o MST en Brasil
- 12 de abril. Presentación dos Obxectivos do Milenio
- 15 de abril. Charla sobre o Protocolo de Kyoto de Adegas
- 3, 4 e 5 de maio. Semana Galega sobre o mundo rural e agrario organizada por Amarante
- 12 de maio. Mesa redonda sobre o primeiro dos obxectivos do milenio: Erradicar a pobreza e a fame.
- 15 de maio. Charla sobre consumo responsable

OUTRAS ACTIVIDADES:

- 12 de xaneiro. Xuntanza/Curso de voluntariado. Crisol. Vigo (ONG IND).
- 26 de xaneiro. Charla sobre Comercio Xusto. IES Beade. Vigo. (ONG Amarante).
- 1 de febreiro. Rolda de prensa Xanela 05. Intervén: Xoán Hermida e Anair Rodríguez. Crisol. Vigo
- 4 de febreiro. Rolda de prensa IND (viaxe avaliativo India). Intervén: María Reimóndez e Paco Vilabarro. Crisol. Vigo

- 2 de marzo. Presentación Plano Estratégico Amarante. Intervén: Xoán Hermida. Director de Amarante. Crisol. Vigo
- 4 ao 9 de abril. Campaña de degustacións de produtos de CX: Chocolate Mascao. Crisol. Vigo

Ademais, CRISOL foi un centro de acollida de iniciativas e actividades para outras ONGD galegas e, de modo singular da Coordinadora galega de ONGD. De feito, xa se levou adiante unha reunión das ONGD con sede en Vigo pertencentes á Coordinadora en xaneiro de 2005. No noso proxecto queremos compartir as nosas instalacións con aquelas outras ONGD que non dispoñan de medios en Vigo e queremos servir como instrumento de extensión das accións da Coordinadora galega de ONGD na área metropolitana.

RESULTADOS AGARDADOS

- Coidamos que para o ano 2006, no que se considera a fase de consolidación do proxecto:
- Deseñaremos un organigrama de xestión mancomunado
- Consolidaremos as actividades do Centro de recursos e maila Tenda de Comercio Xusto e Responsable
- Ofreceremos instalacións permanentes e polivalentes para acoller actividades de sensibilización cidadá e educación para o desenvolvemento.

Participación no programa «Xanela Aberta»

O día 3 de abril María Reimóndez Meilán foi convidada pola nosa organización compañeira Amarante para impartir os contidos relacionados con xénero e cooperación no curso que se celebrou en Rianxo dentro do programa Xanela Aberta para preparar a diversas persoas para viaxar ao Sur.

Presentación de «Billete á India en Pontevedra»

O día 6 de abril IND e Amarante organizaron a presentación na Factoría do Sur da exposición Billete á India. María Reimóndez impartiu posteriormente unha conferencia sobre as actuacións de IND na zona afectada pola tsunami na que houbo unha asistencia de 15 persoas con ampla participación.

Exposición «Penso, lobo actúo» e conferencia en Porto do Son

O día 3 de maio instalouse no instituto de ensino secundario de Porto do Son a exposición «Penso, logo actúo» e impartíuse unha conferencia para o alumnado de 3º da ESO por parte de María Reimóndez.

Presentación do curso no colexio Salesianos de Ourense

O día 4 de outubro María Reimóndez foi convidada a impartir unha conferencia para todo o alumnado de secundaria (uns 400 mozos e mozas) no colexio salesiano de Ourense onde falou sobre o traballo de IND.

Videoforum

O día 14 de outubro IND organizou no CRISOL un videoforum en torno á película “Fire” de Mira Nair. María Reimóndez fixo unha presentación breve da película e a conexión desta co traballo de IND. A asistencia por desgraza foi moi baixa, só 2 persoas.

Recital de poesía sobre xénero

O xoves 27 de outubro a partir das 20.30 da noite, no Centro CRISOL, organizouse un recital de poesía no que participaron María Xosé Queizán, Marta Dacosta, María do Carmen Krúkenberg, María Comesaña, Lucía Novas, Yolanda López, Carmen de Jesús García e María del Carmen Álvaro López.

Este recital, no que os poemas se intercalaron con información sobre a vida das mulleres dos nosos proxectos, era sensibilizar encol dos Obxectivos do Milenio, en o terceiro, que defende a promoción da igualdade entre mulleres e homes, e o quinto, que promove a autonomía das mulleres e a mellora da saúde materna.

Esta actividade foi un éxito, tanto de asistencia (superouse o aforo do Centro CRISOL) como de participación das poetas, moitas das cales ofrecéronse a colaborar con IND en novas ocasións.

IMPLÍCATE! Noite de música e palabra solidaria

O día 18 de decembro celebrouse unha das actividades máis importantes do ano para IND, o festival IMPLÍCATE! Noite de música e palabra solidaria. O festival foi organizado nun principio por Yolanda Castaño e María Reimóndez e aglutinou posteriormente un enorme equipo humano voluntario. O obxectivo desta actividade era dar a coñecer o traballo de IND á cidadanía galega a través dun evento cultural cos nomes máis destacados do noso panorama artístico. O evento combinou a poesía, o teatro, a danza, a música e os contidos audiovisuais. Así, participaron as/os seguintes artistas:

❖ Poesía:

- Marilar Aleixandre
- Marta Dacosta

- Chus Pato
- Fran Alonso
- Manolo Rivas

❖ **Teatro**

- Mofa e Befá
- Pepa Yáñez e Davide Salvado

❖ **Música**

- Uxía Senlle
- Abe Rábade Trío
- Nordestin@s
- Mercedes Peón

❖ **Danza**

- Branca Novoneyra
- María Reimóndez Meilán

❖ **Audiovisual**

Preparáronse audiovisuais breves sobre os seguintes temas:

- Implicadas/os No Desenvolvemento: breve presentación da organización e do tipo de traballo realizado
- Enfoque de xénero: explicación desta metodoloxía de traballo con entrevistas a mulleres dos proxectos
- Desenvolvemento Urbano en Tiruchy: presentación do noso proxecto en Tiruchy
- Proxectos en Etiopía: presentación dos proxectos e sobre todo difusión de información sobre a situación política do país e a campaña lanzada por IND
- A tsunami: reflexión sobre esta catástrofe e presentación do traballo realizado por IND
- O comercio xusto: presentación desta alternativa a través dun dos seus produtos estrela, o café
- O traballo en Galicia: presentación do traballo de IND en Galicia e alternativas para implicarse

O evento foi presentado por Yolanda Castaño e Ernesto Chao

Todas/os artistas participaron de maneira desinteresada ao igual que un amplo equipo técnico desde a produción baixo a dirección de Beatriz Rodríguez Fontán, o son da man de Isaac Palacín e a elaboración dos audiovisuais, que correron a cargo de 4freeminds e Paco Vila Barros.

O evento contou co apoio do Concello de Santiago de Compostela e a Consellería de Cultura e Deporte. Celebrouse no Auditorio de Galicia e vendéronse 368 entradas cunha recadación total de 3.055 euros

Ademais, o voluntariado de IND tivo un stand durante o evento con materiais dos que se venderon case 600 euros.

O evento foi amplamente publicitado os días anteriores, o Concello de Santiago encargouse de poñer carteis pola cidade e a prensa fixo un importante seguimento desta actividade nos días previos.

IND considera que esta actividade foi un éxito rotundo polos comentarios dos asistentes, o seu número e recadación e sobre todo pola posibilidade de transmitir o traballo de IND á poboación galega dunha maneira tan eficaz.

Ademais, un resumo do evento foi retransmitido o día 30 de decembro ás 00.30 horas pola Televisión de Galicia, co cal conseguimos chegar aínda a un número maior de persoas.

A raíz deste evento fixéronse socias catro persoas e contactaron coa organización máis de dez. Nos días previos e posteriores, as visitas á web aumentaron de xeito moi significativo, chegando a un máximo diario de 540 (a media é de 160).

Clubs de cooperación

Unha das liñas máis importantes dentro deste traballo de sensibilización é o coñecemento da realidade do Sur, que constitúe un paso previo na implicación para resolver a pobreza. Un grupo importante é a mocidade, e considerando que ten poucas oportunidades de atopar foros onde reflexionar sobre o papel da sociedade do norte e súa implicación como cidadanía na erradicación da pobreza, establécese a creación de clubs de cooperación en colaboración coas organizacións de mocidade da nosa comunidade.

Esta iniciativa tamén pretende ter en conta o papel importante da multiculturalidade dentro da nosa sociedade actual, onde cada vez máis conviven dentro da mesma comunidade.

IND ten a intención de vertebrar iniciativas con outros movementos sociais, e neste caso optou por desenvolver este proxecto con asociacións de mocidade para asegurar un cambio perdurable.

O proxecto ten a intención de axudar ás organizacións da nosa sociedade a comprender mellor a situación doutros países e o fomento da implicación social para un cambio cara a un mundo mellor.

Dentro dos proxectos de cooperación, IND traballa no reforzo de estruturas da sociedade civil, na que se inclúen a creación de grupos de mozas/os .

Nesta memoria faremos referencia ás actividades que se levaron a cabo, dentro do proxecto clubs de cooperación, desenvolvido no período do 01/08/2005 ata o 30/11/2005.

LOCALIZACIÓN FÍSICA

O centro de desenvolvemento da acción tivo lugar principalmente no Centro Crisol situado na Avenida das Camelias número 14 baixo de Vigo, aínda que os clubs constituídos están nas asociacións xuvenís que se agrupan en Vigo e Redondela. Así pois contamos ata este momento con clubs de cooperación en:

- Asociación Xuvenil ABERTAL, Vigo
- Foro das Utopías. Vigo
- Grupo Scout Búrbida. Redondela
- Asociación Trincate. Redondela
- Asociación Xuvenil Delta House. Vigo

E temos compromiso de creación doutros 5 clubs máis fóra de Vigo aínda por confirmar.

OBXECTIVOS

Os obxectivos do proxecto, son

Obxectivo xeral

Promover a reflexión e a implicación da mocidade na erradicación da pobreza

Obxectivos específicos

- Capacitar ó persoal das asociacións xuvenís en cooperación internacional
- Sensibilizar e implicar de maneira activa a 100 mozas e mozos no traballo de cooperación
- Dar a coñecer a realidade da mocidade da India e Etiopía a 100 mozas/os galegas.
- Promover o intercambio de experiencias entre a mocidade de Galicia, a India e Etiopía para un enriquecemento mutuo
- Apoiar as/os mozas/os galegos para que organicen actividades de recadación de fondos e que poidan xestionar directamente as asociacións de mocidade de Etiopía e da India.

BALANCE DE ACTIVIDADES E/OU PROGRAMAS

A primeira actividade do programa foi a contratación de persoal, que se realizou no mes de xullo de 2005 contratouse unha traballadora a tempo parcial por 20 horas semanais. As seguintes son as actividades que desenvolveu a devandita técnica:

- Preparación do curso de formación para monitores/as de tempo libre

A preparación do curso de formación para monitores/as de tempo libre foi o que precisou de máis recursos, especialmente os referidos a tempo e busca de material como a elaboración do manual para os clubs, xa que pola finalidade de autoxestión que leva implícito o proxecto era preciso elaboralos do xeito máis fácil de empregar.

Para establecer esta preparación, á parte das innumerables buscas, elaboración do material, consultas telefónicas e comunicacións a través do correo electrónico, leváronse a cabo xuntanzas co equipo de IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO.

- Curso de monitores de tempo libre

O curso desenvolveuse con atraso debido principalmente aos problemas de horarios das asociacións xuvenís que colaboran.

A idea do proxecto gustou á maioría das entidades coas que se estableceron contacto, pero o desbordamento de actividades propias, colaboracións e a premura do proxecto fixo que houbera dificultades na posta en marcha en máis asociacións.

Isto simplemente derivou nun maior esforzo de captación de asociacións de mocidade para colaborar co proxecto.

Por iso, ata o remate da captación de asociacións non se puido establecer o período formativo, que se desenvolveu a primeiros e mediados de novembro. Finalmente a premura e a dispoñibilidade de aulas con tan pouca antelación fixo que moita xente non puidese participar de seguido no proxecto formativo.

De todos os xeitos, a formación tivo lugar os días 03/05/09 e 12 de novembro e no local do Centro Cívico da Zona Vella de Vigo.

Cómpre sinalar tamén unha reunión avaliativa que tivo lugar no Centro Crisol de Vigo o día 17 de novembro.

Os contidos do curso seguiron estritamente o formulado no proxecto inicial

Modulo I: A cooperación Internacional

- Inicios do sistema de cooperación internacional
- A axuda oficial ó desenvolvemento
- As Organizacións Non Governamentais dentro deste sistema
- O movemento do comercio xusto

Módulo II: A India e Etiopía

- Familiarización das/os participantes coa realidade do sur
- O traballo de IND na India e Etiopía

—As organizacións da mocidade nos dous países

Modulo III: establecemento e xestión dos clubs de cooperación

—Filosofía de traballo básica do programa

—Dinámicas e temas de traballo coas/os rapazas/es

—Mecanismos de seguimento da acción

—Xestión da comunicación coas asociacións xuvenís nos países en vías de desenvolvemento

Modulo IV: educación no tempo libre e cooperación

—A educación no tempo libre, recursos para a inclusión e concienciación sobre a cooperación internacional.

Os materiais preparáronse en formato dixital e imprimíronse os sets correspondentes de xogos para os clubs. Estes materiais están aínda en período de corrección e impresión e entregarase a súa versión final en breve.

- Establecemento dos clubs de cooperación

O establecemento dos clubs levaron consigo o contacto telefónico e a través de carta con máis de 80 organizacións xuvenís de diferente índole e principalmente as residentes dentro da comarca de Vigo, pero constatouse que non todas as organizacións que van a colaborar dentro do proxecto son de Vigo e arredores.

Durante o proceso de establecemento, mantivéronse as seguintes reunións e xuntanzas:

08/09

Reunión coa xunta directiva de IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO para establecer os procedementos de contacto coas organizacións de mocidade.

25/09

Xuntanza convocada para as organizacións de mocidade para dar a coñecer o proxecto e ver as que poidan colaborar.

11/10

Segunda convocatoria de xuntanza coas organizacións de mocidades para dar a coñecer o proxecto e ver cales son as interesadas en colaborar.

Semana do 17 ó 21 de novembro

Contacto a través de teléfono para proporcionar información as organizacións de mocidade, co conseguinte envío de información e documentación do proxecto de clubs de cooperación.

21/10

Reunión xunta directiva de IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO, para analizar os resultados obtidos da campaña das campañas de captación e establecer seguidamente o proxecto formativo.

24/10

Reunión coa Casa da Xuventude para favorecer a difusión do proxecto de clubs de cooperación.

25/10

Reunión coa organización xuvenil ABERTAL para realizar o proxecto coas organizacións xuvenís que se atopan dentro da federación.

26/10

Reunión coa organización ABERTAL para concretar datos e liñas de actuación para levar a cabo o proxecto dentro das organizacións xuvenís da federación.

CRONOGRAMA FINAL

ACCIÓN		AGOSTO	SETEMBRO	OUTUBRO	NOVEMBRO
1	Preparación de materiais curso de monitores/as de tempo libre	X	X	x	
2	Curso para monitoras/es de tempo libre				X
3	Creación clubs de cooperación	x	x	x	x
4	Edición e venda da axenda de desenvolvemento 2006	x	x	x	x

AVALIACIÓN – VALORACIÓN

A principal dificultade coa que se atopou o proxecto foi a falla de experiencias e de tradición de traballo en cooperación e coordinación entre diferentes organizacións.

Por ese mesmo motivo consideramos de novidosa a iniciativa que se levou a cabo co proxecto de establecemento de clubs de cooperación.

Outra limitación importante foi o tempo para desenvolver o proxecto, que aínda que inicialmente parecece o axeitado, a práctica demostrou dificultades salientables:

- O proxecto comezou en agosto do presente ano, e moitas organizacións xuvenís, tiñan programadas actividades para setembro 05- xullo 06, desde xuño do 05. Para algunhas resultou custoso a instauración de clubs por ese motivo (Abertal) e outras pese o seu interese foilles imposible establecer un oco para os clubs de cooperación (A.X. Xentenova).
- O descoñecemento do campo da cooperación internacional, ralentizou a difusión do proxecto e o mesmo tempo a saturación de información que reciben as organizacións de mocidade levou a cambiar o medio de difusión, pasando das convocatorias de xuntanzas ás concertacións de citas individuais para a presentación do proxecto.
- A presentación deste proxecto levounos a unha análise da situación actual das organizacións de mocidade, topándonos con grupos de xoves que se constitúen para levar a cabo unha actividade moi concreta e a inclusión dentro das súas actividades un espazo de reflexión sobre cooperación internacional suscitou certas desconfianzas pola novidade da actividade en si e a labor de sensibilización tivo que ser mais profunda, que conlevou unha maior necesidade de tempo.

En canto o proxecto formativo, este viuse limitado principalmente por que a campaña de difusión precisou máis tempo do inicialmente previsto; tamén a tempada de outubro–novembro caracterízase por unha densa oferta formativa en todos os eidos e conseguir os locais para impartir da formación e a dispoñibilidade dos participantes case foi imposible de conxeniar.

De todos xeitos a parte formativa levouse a cabo cunha avaliación moi positiva por parte dos asistentes ó proceso.

Finalizar salientando que a pesar das dificultades coas que nos topamos á hora de poñer en marcha o proxecto, son máis os aspectos positivos , como:

- Novidosa iniciativa de colaboración entre diferentes organizacións, que non teñen tradición neste eido.
- Introducción dun novo campo de reflexión para as organizacións da mocidade.
- O fomento do compromiso pola erradicación das causas da pobreza
- O fomento do espírito crítico e da solidariedade
- A creatividade e o conflito como motores da educación para a solidariedade dentro das organizacións de mocidade.

Edición da Axenda Solidaria 2006

Seguindo con esta actividade iniciada no ano anterior e que IND pretende converter nunha tradición, preparouse a Axenda Solidaria 2006, este ano dedicada á mocidade e o desenvolvemento e enmarcada dentro dos clubs de cooperación. Para este proxecto contamos cunha subvención da Xunta de Galicia.

Cuestións técnicas

- Deseño: Serxio Suárez Bandín
- Coordinación: Blanca Rodríguez
- Contidos: Andrea Abreu, María Reimóndez, Blanca Rodríguez, Romina Vázquez
- Fotografías: Arquivo IND, María Reimóndez, Paco vila Barros, Arquivos Quick Image
- Tamaño: 130 x 95 cm
- Páxinas: 252
- Encadernación: en espiral
- Prezo de venda: 10 €

A axenda incorpora todo tipo de información sobre a mocidade no mundo, a súa situación e a súa participación no desenvolvemento. Ademais, en cada mes se inclúe unha ficha sobre unha/un moza/o, ben de Galicia, da India ou de Etiopía na que se reflicte a súa situación, inquedanzas e desexos, coa intención de pintar un pouco dende a súa propia voz o mundo da mocidade nestas tres sociedades.

Desgraciadamente, houbo numerosos problemas na execución da axenda (dende atrasos por parte das colaboracións, ata problemas co deseño e a impresión) que atrasaron a súa saída á venda, polo que non se puideron distribuír nin vender co éxito agardado.

Os puntos de venda foron o Centro Crisol e outras tendas solidarias de Galicia e a propia páxina web de IND.

Mellora e mantemento do sitio web

No 2005 o noso sitio web sufriu algúns cambios, como a modernización da súa estrutura e máis a incorporación de novas seccións: a sección do Centro Crisol, na que se presenta a iniciativa e a tenda de IND, na que se ofrece a posibilidade de mercar materiais promocionais da organización, coma camisetas, axendas, postais, etc.

Ademais, desde el se lanzaron e coordinaron campañas de sensibilización e recadación, como a do tsunami ou a de emerxencia en Etiopía.

Canto á visibilidade do sitio web, o seu aumento foi exponencial en comparación ao ano anterior: en 2004 o número de páxinas visitadas dentro do noso sitio foi 3.762, mentres que neste 2005 aumentou ata 20.547, multiplicándose por máis de cinco.

3.2. RECADACIÓN

No ano 2005, a imperiosa necesidade de obter financiamento con rapidez para poñer en marcha o traballo na zona afectada pola tsunami fixo que IND levase a cabo máis actividades de recadación das habituais, obtendo uns resultados excelentes

Partido solidario de fútbol sala

O Concello de Fene e máis o Club de Fútbol Sala Boandanza ofrecéronse a facer do partido de liga (división de prata) do día 8 de xaneiro un partido solidario e entregar a recadación a IND para axudar a paliar as consecuencias da tsunami acontecida o mes anterior nas costas do sueste asiático. O concello e o club Boandanza encargáronse da difusión publicitaria do partido e da venda de entradas. Tamén colaborou a emisora Radio Fene, que mesmo realizou unha entrevista á nosa presidenta, María Reimóndez.

Ao partido asistiu o alcalde de Fene que fixo entrega simbólica da recadación a Blanca Rodríguez que, en representación de IND, recolleu os cartos e fixo unha breve presentación de IND e do seu traballo no distrito de Karaikal tras a tsunami.

A recadación final foi de 1.028 €.

Maratón de lectura

O día 26 de xaneiro, de dez da mañá a dúas da tarde, IND organizou unha maratón de lectura no salón de actos da Facultade de Ciencias Empresariais do Campus de Lagoas–Marcosende, da Universidade de Vigo. O acto consistía na lectura continuada d textos en galego, na que podía participar calquera persoa, pagando unha pequena cota de inscrición, coa dobre finalidade de recadar cartos para a paliación dos efectos da tsunami e de atraer a atención sobre a situación.

A participación na maratón foi máis baixa do agardado, posiblemente por problemas de difusión do acto no campus, tarefa que asumiran as delegacións de alumnos da Facultade de Filoloxía e Tradución e da de Empresariais.

A recadación final foi de uns 200 euros.

Venda de Camisetas e Postais

IND decidiu imprimir 100 camisetas para vender en Nadal. Xulia Barros encargouse do deseño e maila impresión. A ilustradora elaborou dous debuxos: un para IND e outro para Crisol co tema de comercio xusto (mochilas e camisetas), fixemos 60 de manga curta e 40 de manga longa que se venderon moito mellor na época de Nadal. Os custos totais foron de 557 euros e aínda quedan algunhas tallas á venda no Crisol.

Do mesmo xeito, IND sacou este ano por vez primeira unha serie de postais con fotos elaboradas por Paco Vila Barros durante a súa visita á zona afectada pola tsunami en Karaikal. As postais están á venda dende o mes de decembro no local Crisol, tamén se poden conseguir a través da páxina web. Esta é unha iniciativa que tivo bastante boa acollida e coidamos que sería unha boa idea repetila en vindeiros anos.

Velada solidaria no colexio salesiano Divina Pastora de Lugo

Os días 23 e 25 de febreiro de 2005, celebrouse no Colexio Salesiano Divina Pastora de Lugo unha velada solidaria encamiñada á recollida de fondos para as vítimas de tsunami e que serían entregados á ONG Implicadas/os no Desenvolvemento.

Realizáronse diferentes actuacións de danza, teatro e música coa participación aproximada de 100 rapaces e rapazas acompañados polos seus profesores / as.

Os destinatarios da velada eran as familias dos alumnos/as que colaboraron coa compra de entrada a un prezo de 3 euros.

Campaña de difusión de folletos para doazóns

Tamén coa fin de recadar cartos para a actuación tras a tsunami, realizáronse pequenos folletos nos que se presentaba brevemente IND e o seu traballo e se indicaba un número de conta para realizar doazóns. Estes folletos repartíronse por todo tipo de locais de ocio, así coma a Universidade, o centro Crisol e outros.

Inicialmente agardábase poder colocalos (xunto con petos para doazóns directas, non a través de bancos) nas oficinas de Caixa Galicia, pero finalmente non contamos coa colaboración da entidade bancaria.

Ordenador

A participación de Yolanda Castaño nun concurso televisivo foi a feliz coincidencia grazas á cal IND pode contar cun ordenador novo no seu local, o CRISOL. O equipo de Yolanda gañou o concurso no que o premio era un ordenador que se podía ceder a algunha organización sen ánimo de lucro, neste caso IND. Agradecemoslle a Yolanda Castaño o seu compromiso e a súa xenerosidade.

3.3. FORMACIÓN

Participación de IND no curso Curso «Ética, medios de comunicación e solidariedade» organizado pola Facultade de Publicidade e Relacións Públicas de Pontevedra

A primeira semana de outubro, Blanca Rodríguez acudiu, en representación de IND ao curso «Ética, medios de comunicación e solidariedade», participando como integrante dunha mesa redonda sobre o papel dos medios na difusión do traballo en cooperación ao desenvolvemento e dando unha conferencia sobre o funcionamento dos proxectos de IND no terreo, concretamente, co exemplo do proxecto UDP Tiruchy.

Curso de Xénero e Cooperación para o Desenvolvemento

Organizado en colaboración coa Vicerreitoría de Extensión Universitaria de Vigo

No curso participaron un total de 40 persoas procedentes de diferentes ámbitos de formación superior, tanto de Vigo como de Santiago de Compostela. O programa contou coa presenza de expertas/os na materia como a daquela presidente da coordinadora galega de ONGD, Emilio Martínez Rivas; a profesora de dereito internacional da Universidade de Santiago de Compostela, Irene Rodríguez Manzano e a presidenta da ONG galega Implicadas/os no desenvolvemento, María Reimóndez Meilán. O obxectivo do curso consistiu en ofrecer unha introdución xeral sobre a cooperación para o desenvolvemento dende a perspectiva de xénero.

O curso desenvolveuse ao longo dos días 25, 26, 27 e 28 de outubro na Facultade de Filoloxía e Tradución, baixo a dirección de Ana Luna (secretaria de IND), en horario de tarde. A duración total do mesmo foi de 20 horas lectivas e a asistencia ao mesmo tivo o recoñecemento de 1 crédito de libre configuración.

O primeiro día, Emilio Martínez Rivas presentou as liñas directrices do sistema de cooperación para o desenvolvemento en Galiza, centrándose en cuestións como os fondos que se dedican á cooperación, a estrutura do sistema español e galego de cooperación para o desenvolvemento ou a campaña do 0,7%. Irene Rodríguez Manzano impartiu as sesións do mércores e do xoves, nas que forneceu unha achega teórica sobre a teoría feminista, as relacións internacionais e a promoción da igualdade na política española de cooperación para o desenvolvemento. O curso rematou coa intervención de María Reimóndez Meilán, que nunha xornada práctica e dinámica, deu a coñecer a aplicación do enfoque de xénero sobre o terreo nos respectivos proxectos levados a cabo na India e Etiopía por IND.

Participación en mesa redonda sobre xénero

Dentro das actividades organizadas por IND e Amarante no CRISOL sobre os obxectivos do milenio relacionados co xénero, IND participou nunha mesa redonda sobre este tema celebrada o día 28 de setembro á que tamén asistiron Aida Rosende Pérez do Feminario de Investigación Feminismos e Resistencias teorías e prácticas da Universidade de Vigo e dúas representantes da

Marcha Mundial de Mulleres. A asistencia foi moi elevada (unhas 30 persoas) e a intervención de IND suscitou interese no debate.

Curso de voluntariado

No presente ano IND continuou coa súa estratexia de implicación de voluntariado organizando un curso de formación que tivo lugar en Vigo no centro de recursos Crisol os días 29 de xaneiro e 5 e 12 de febreiro. A este curso asistiu un grupo de 4 persoas e, igual que en anos anteriores, estruturouse en tres xornadas e catro módulos de formación de 3 horas cada un. O obxectivo deste curso foi formar e implicar á mocidade viguesa no voluntariado e ampliar a base de voluntarias/os de IND.

Durante o curso tratáronse temas como a historia das ONG, a ética na publicidade destas, o código de conduta das ONGD, cómo funciona un proxecto de desenvolvemento, o funcionamento das ONG e IND en particular, os proxectos que está a desenvolver na India e Etiopía, e a realización de actividades.

A seguir incluimos o programa do curso:

CURSO DE VOLUNTARIADO IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO

1. OBXECTIVOS DO CURSO

Os obxectivos do Curso de voluntariado IND son os seguintes:

- Proporcionar ás/aos participantes o transfundo xeral teórico básico sobre a cooperación internacional.
- Presentar ás/aos participantes IND como organización, o seu traballo e as súas características.
- Capacitar ás/aos participantes dunha maneira práctica e xeral nos diferentes tipos de labores de voluntariado que caben en IND, dende a sensibilización ás actividades de recadación pasando polos aspectos administrativos.
- Facilitar a integración das/os participantes nas actividades da organización.

2. DESCRICIÓN DO CURSO

O curso de voluntariado constará de catro módulos, impartidos cada un nunha sesión de tres horas. Cada un dos módulos terá o seguinte contido:

- Módulo 1 - A cooperación internacional: análise dos conceptos básicos en cooperación internacional, análise da situación en Galicia e reflexión práctica sobre as achegas a este tema e o papel do voluntariado e das ONG.
- Módulo 2 – IND, unha ONG de cooperación ó desenvolvemento: presentación da organización e dos proxectos que leva a cabo na India e Etiopía.

- Módulo 3 – IND en Galicia: sensibilización e recadación: presentación das actividades e transmisión das capacidades para levar a cabo novas iniciativas como voluntariado da organización.
- Módulo 4 – Proxecto de actividade: as/os participantes, por parellas deberán elaborar unha planificación dunha actividade.

O curso complétase coa realización da actividade planificada por cada parella. Estas actividades serán sempre levadas a cabo co apoio das monitoras da organización. Tódolos módulos terán unha clara orientación práctica na que se utilizarán e impartirán dinámicas.

3.4. COMUNICACIÓN

Creación do gabinete (13 outubro 2005)

O gabinete de comunicación de IND comezou a funcionar o xoves 13 de outubro, baixo a supervisión de Olga Castro, coa elaboración dunha axenda de medios de comunicación galegos. O obxectivo deste gabinete é visibilizar todas as actividades que leva a cabo IND para que teñan un oco nos medios de comunicación galegos, importantes axentes de socialización que van permitir que se dea a coñecer a nosa organización e a nosa actividade dentro e fóra de Galiza.

Curso de xénero e cooperación (25-28 outubro 2005)

- Envío de nota de prensa sobre o curso de extensión universitaria da Universidade de Vigo sobre "Xénero e cooperación", que tivo lugar na Facultade de Filoloxía e Tradución entre os días 25 e 28 outubro, e cuxo obxectivo consistía en ofrecer unha introdución xeral sobre a cooperación para o desenvolvemento, incluíndo a perspectiva de xénero.
- Publicación no DUVI (diario electrónico da Universidade de Vigo), o día 26 de outubro, dunha entrevista realizada dende o gabinete de comunicación de IND a unha das participantes, Irene Rodríguez Manzano, profesora de Relacións Internacionais da Universidade de Santiago de Compostela.

Recital de poesía (27 outubro 2005)

Envío de nota de prensa sobre o recital de poesía que tivo lugar o xoves 27 de outubro a partir das 20.30 da noite, no CRISOL, coa participación de María Xosé Queizán, Marta Dacosta, María do Carmen Krúkenberg, María Comesaña, Lucía Novas, Yolanda López, Carmen de Jesús García e María del Carmen Álvaro López. O propósito da actividade era sensibilizar á poboación encol dos Obxectivos do Milenio, en particular aqueles que fan referencia explícita á situación das mulleres: o terceiro, que defende a promoción da igualdade entre mulleres e homes, e o quinto, que promove a autonomía das mulleres e a mellora da saúde materna.

Conferencia sobre xénero e cooperación (2 novembro 2005)

Envío de nota de prensa sobre a charla informativa que a presidenta de IND ofreceu o mércores 2 de novembro, a partir das 20.30 da noite, para ofrecer unha introdución xeral á aplicación real do enfoque de xénero no traballo en cooperación para o desenvolvemento.

Clubs de cooperación (4-5 novembro 2005)

Envío de nota de prensa para anunciar o período de inscricións de asociacións xuvenís galegas nos cursos de cooperación internacional, co obxectivo de recibiren a formación necesaria para crear os Clubs de Cooperación. Estes Clubs de Cooperación constitúe un proxecto co que IND

pretende acerca á mocidade galega coa da India e Etiopía mediante o intercambio de experiencias entre elas, á vez que un espazo de sensibilización.

Foro da Cidadanía e da Comunicación: O Terceiro Sector Audiovisual e da Comunicación (10-11 novembro 2005)

Participación no *Foro da Cidadanía e da Comunicación: O Terceiro Sector Audiovisual e da Comunicación*, organizado polo grupo de investigación da Universidade de Santiago Cidadanía e Comunicación (CIDACOM). A participación consistiu nunha comunicación na que abordamos, dende a perspectiva e a propia experiencia de IND, as responsabilidades dos medios de comunicación na relación entre cidadanía e as organizacións non gobernamentais na medida en que contribúen ao silenciamento mediático e á invisibilidade das ONG galegas independentes.

A comunicación está dispoñíbel en soporte libro (depósito legal C-2917-05), baixo o título “El Tercer Sector y el Audiovisual/ O Terceiro Sector e o Audiovisual”, unha edición do Foro da Cidadanía para o grupo de investigación da Universidade de Santiago “Cidadanía e Comunicación” (CIDACOM) e da sección española da asociación ULEPICC (Unión Latina de Economía Política da Información, a Comunicación e a Cultura).

Inundacións Karaikal (15 novembro de 2005)

Comunicado de prensa solicitando a colaboración cidadá despois das chuvias torrenciais que ocasionaron graves inundacións en Karaikal, onde IND desenvolve proxectos de cooperación, e zona que en decembro de 2004 fora xa gravemente afectada pola tsunami.

Inserción de publicidade (novembro 2005 e decembro 2005)

Inserción de anuncios publicitarios na revista mensual de información e deporte na Mariña de Lugo IxD. (www.ixd.es). En cada número, un anuncio en branco e negro de cinco módulos horizontais por un vertical, cos seguintes textos: No século X o mundo era plano, no XX era redondo // No século XXI, o mundo pode ser como ti queres que sexa // O mundo cambia se ti te implicas // IND realiza proxectos de desenvolvemento coas comunidades do sur // Para cambiar as cousas, para cambiar o mundo.

Cea solidaria (1 decembro 2005)

Envío de invitación para a celebración dunha cea solidaria con xornalistas.

Implicate! (18 decembro 2005)

- Envío de nota de prensa acerca da celebración do *Implícate! Noite de música e palabra solidaria*, o 18 de decembro de 2005 no Auditorio de Galicia, a medios de comunicación de toda Galiza.
- Envío dunha nota para que se incluíse na axenda dos medios de comunicación o *Implícate! Noite de música e palabra solidaria*.
- Envío de convocatoria a rolda de prensa que deron conxuntamente, o xoves 15 ás 12 do mediodía no Concello de Santiago, a Consellería de Cultura (coa presenza de Luís Bará, director xeral de Creación e Difusión Cultural da Xunta), o Concello de Santiago (coa presenza de Néstor Rego, concelleiro de Cultura) e IND (representada por Evaristo Calvo de Mofa e Befá, que participou no *Implícate*; Yolanda Castaño, presentadora; e María Reimóndez, presidenta de IND).
- Entrevista do gabinete de comunicación de IND a Mercedes Peón, participante no *Implícate*. A entrevista foi distribuída a través de AGN a varios medios galegos.
- Inserción de publicidade en *La Voz de Galicia*, *El Correo Gallego*, *Atlántico Diario*, e unha páxina completa no semanario *A Nosa Terra*.
- Inserción do banner en *Vieiros*.
- Entrevistas gravadas con cámara mini DV a todas/os as/os participantes no *Implícate!*, así como ao presentador Ernesto Chao e á presentadora Yolanda Castaño. Gravación tamén do *backstage* (entre bastidores).
- Envío de aviso urxente aos medios de comunicación para pór ao coñecemento da cidadanía que o día 31 de decembro, ás 00.30 da madrugada, a TVG retransmitiría un resumo de 25 minutos do *Implícate! Noite de música e palabra solidaria*.

Primeiro aniversario da tsunami (26 de decembro)

Envío de nota de prensa con motivo do primeiro aniversario da tsunami, presentando o informe Karaikal e explicando cal é a situación actual na zona da India afectada, onde IND ten proxectos de desenvolvemento.

Presentación axenda solidaria (29 decembro 2005)

- Envío de nota de prensa para anunciar que xa estaba á venda a axenda solidaria de IND, dedicada á mocidade.

- Envío de convocatoria de rolda de prensa ofrecida conxuntamente por Presidencia (coa presenza de **Xosé Cuns Traba**, Asesor Técnico da Dirección Xeral de Cooperación Exterior, organismo dependente de Presidencia, da Xunta de Galicia) e por IND (coa presenza de Blanca Rodríguez, coordinadora de voluntariado de IND e responsábel da axenda; e María Reimóndez). A rolda de prensa tivo lugar o xoves día 29 de decembro, ás 11 horas, no Club Internacional de Prensa (sito en Compostela), cun dobre obxectivo: presentar a axenda solidaria de IND 2006 e máis expor un balance da situación do sur da India un ano despois da devastadora tsunami, incidindo en que IND é a única organización galega que traballa na zona afectada.

Enderezo de correo electrónico

Para unha mellor xestión do gabinete, creouse o enderezo de correo electrónico exclusivo para asuntos de prensa relacionados con IND prensa@implicadas.org

Proxección de futuro do gabinete de comunicación

Elaboración de carteis anunciando que se buscaban voluntari@s para o gabinete de comunicación de IND, e colocación en puntos estratéxicos. Como resultado, produciuse a adhesión de tres novas voluntarias de prensa, Blanca Piñeiro, Paula García e Carmen Marina Vidal.

3.5. DESENVOLVEMENTO INTERNO E RELACIÓNS EXTERNAS

Relacións IND – Amarante

As dúas organización que levamos adiante o proxecto CRISOL decidimos iniciar os procedementos para legalizar a asociación Crisol. IND resolve que María Reimóndez, Liliana Valado e Ana Luna (dúas en representación de IND e unha a título persoal) se incorporan á directiva da nova asociación en calidade de presidenta, de secretaria e de vocal toda vez que Amarante nomea a Anair Rodríguez para a vicepresidencia, Xoán Hermida para administración e Alvaro Arceo de vocal. Trala recente fundación de Crisol, a xestora tamén se encargará de tramitar o rexistro de Crisol no Rexistro Xeral de ONGs e tamén no do Concello.

Por outra parte, a situación económica de Crisol pasou por momentos complicados a mediados de abril, maio, que solventou con relativa facilidade grazas á incorporación das novas xestoras de Crisol e á campaña de Nadal coa presenza de Crisol na Feira do Feito a Man en Vigo.

Con todo, IND e Amarante acordaron unha achega económica das dúas organizacións de 2.727,60 € en concepto de constitución de Crisol poñendo cada organización 1363,80 € en lugar dos 600 € iniciais previstos.

Acordouse a realización dun inventario dos produtos da tenda para ter unha idea aproximada do stock existente en Crisol e os cartos que estes representan.

Convenios prácticas

En novembro de 2005, a Universidade de Vigo asinou un convenio marco con IND para que os estudantes da Facultade de Filoloxía e tradución realicen prácticas de tradución e revisión de textos en IND ao longo do ano 2006.

A persoa seleccionada para levar adiante os traballos mencionados na combinación lingüística inglés>galego>español foi a estudante de cuarto curso María del Carmen Mariño Rodríguez.

Carmen desenvolverá o seu traballo ao longo de 5 meses (20 horas por mes) dende o 23 de xaneiro ata o 23 de maio de 2006 dirixida por Ana Luna.

Tamén foi en novembro de 2005 cando IND asinou un convenio de prácticas coa Universidade de Vigo. O obxecto deste convenio é a regulación dun Programa Educativo entre a Universidade de Vigo e Implicadas/os no Desenvolvemento para complementar a formación dos seus estudantes. Este programa está dirixido especialmente aos estudantes de Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación da Universidade de Vigo. O perfil do estudantado é o seguinte :

- Estudantes dos últimos cursos das Licenciaturas de Publicidade e Relacións Públicas/Comunicación Audiovisual/Xestión e Administración Pública (borrar a titulación que non se corresponda co perfil), ou pendentes da defensa do seu proxecto final de carreira.
- Residentes en VIGO ou dispostas/os a trasladarse.
 - Dominio de redacción en LINGUA GALEGA, maquetación e programas de creación de páxinas web
 - A dedicación é de 5 meses (5 horas semanais)
 - As prácticas non son remuneradas

O Vicedeán da Facultade, Xosé Rúas, demostrou o seu interese por titorar as prácticas de cinco persoas que realizarán labores de redacción do boletín de Novas de IND, así como a elaboración de materiais publicitarios para a organización. A convocatoria pública sairá a partir do día 13 de febreiro e a selección terá lugar a partir do día 24 ás 14.00h.

Planificación estratéxica

O día 29 de xuño IND organizou unha xuntanza para avaliar o noso traballo ata o momento e para deseñar unhas liñas directrices de traballo para os próximos 3 anos. A planificación constitúe un documento fundamental para o traballo da organización no futuro. A achega foi participativa, a través de análises DAFO e avaliación conxunta das estratexias.

En xeral, o documento inclúe unha análise da situación actual de IND, as nosas debilidades e fortalezas e unha análise dos obxectivos e estratexias que nos marcamos no período 2005-2008 en todos os nosos campos de traballo para podermos crecer e afianzarnos.

AVALIACIÓN DA PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA PARA O PRIMEIRO ANO

- Planificamos 50 socias por ano pero en 2005 non se conseguiu, sen embargo, non era un obxectivo alcanzable neste ano, xa que plan estratéxico comezou a funcionar só a partir de xullo.
- Planificamos unha actividade de visibilidade, que se materializou no *Implicate!*.
- Planificamos 1 persoa encargada da xestión das socias, obxectivo que non se acadou.
- Planificamos maior presenza en prensa, obxectivo que se materializou principalmente en dúas facetas: a creación do gabinete de prensa e participación en dous programas da Radio Galega para 2006
- Os obxectivos de estreitar relacións co feminismo e coa cultura leváronse a cabo mediante a participación na mesa redonda sobre xénero e coa organización do *Implicate!* e o proxecto aínda non rematado da publicación de un libro sobre a tsunami en colaboración coa editorial Xerais de Galicia.

3.6 COOPERACIÓN

No ano 2005 IND consolidou a súa traxectoria no campo da cooperación internacional afianzando a súa relación coas organizacións e comunidades do sur. Ademais, tristemente, IND aumentou a súa presenza na India a raíz da tsunami acontecida o 26 de xaneiro de 2004 xa que, o proxecto de axuda de emerxencia iniciado se transformou nun proxecto de desenvolvemento que se levará a cabo e se ampliará nos vindeiros anos.

Durante este ano IND foi capaz de dar apoio a 3 proxectos diferentes dos que se dá conta a continuación. Os proxectos foron o Programa de Desenvolvemento Urbano en Tiruchy (India), o Proxecto de Reconstrución e Desenvolvemento en Karaikal, India, o programa de Xeración de Ingresos e Capacitación de mulleres- XICAM en North Wollo e o programa de apoio a mulleres cabeza de familia en Addis Ababa (Etiopía).

Ademais cómpre destacar que durante 2005 a presidenta de IND María Reimóndez desprazouse á India, concretamente ao distrito de Karaikal, para coordinar os traballos de paliación dos efectos da tsunami. Acompañouna Paco Vila Barros, voluntario de IND e fotógrafo profesional, encargado de realizar unha reportaxe fotográfica para IND.

PROXECTO DE RECONSTRUCCIÓN E DESENVOLVEMENTO.

KARAIKAL: XANEIRO — NOVEMBRO

Hai xa máis dun ano da tsunami que devastou as costas de 8 países do Surleste Asiático. Tamil Nadu foi o estado máis afectado da India. A nosa contraparte PDI, co apoio de IND, comezou labores de emerxencia no distrito de Karaikal.

Inmediatamente despois da tsunami, desprazouse persoal especializado desde Tiruchy para planificar a axuda de emerxencia. Despois de analizar o terreo e falar coas autoridades, seleccionouse a zona de Karaikal, concretamente 12 aldeas, onde hoxe continúan as accións de apoio psicolóxico e rehabilitación económica que son neste momento as necesidades máis importantes do proxecto. A vivenda é, por suposto, unha necesidade primordial pero o goberno xa comezou a designar terras e cremos que o noso papel é realizar o seguimento dos compromisos gobernamentais, non suplir o seu papel.

ACTUACIÓNS INICIAIS

Durante os meses de xaneiro, febreiro e marzo, distribuíronse alimentos a través de cociñas comunitarias, apoio psicolóxico, atención a nenas e nenos e outras axudas puntuais (acompañar a mulleres embarazadas a revisión, supervisión do estado sanitario, etc). Durante esta fase tamén se proporcionou refuxio temporal ás familias afectadas na zona.

Máis en concreto, a aldea de Venttekaratheru (200 persoas) desapareceu totalmente e a poboación estaba acollida nunha pequena escola municipal. PDI fíxose cargo do campamento e habilitou un refuxio temporal en coordinación coas autoridades locais, que cederon un terreo e máis espazo para poder construír vivendas permanentes. Dende o 28 de xaneiro, o refuxio temporal acolleu a 65 familia, cun espazo común para actividades.

A partir do 6 de febreiro, estableceuse una cociña comunitaria onde se distribuíu comida quente tres veces ao día. A autoridade rexional de Karaikal proporcionou bombonas de gas e arroz de balde. Os habitantes doutra aldea afectada tamén pediron outra cociña comunitaria, que se instalou do 1 ao 30 de marzo.

Deuse especial atención ás nenas e nenos do campamento, que estaban terriblemente afectadas/os pola catástrofe. Un traballador desprazouse ao campo de xeito permanente para supervisar a cociña e pasar algo de tempo xogando coas nenas e nenos e alfabetizando a algunhas mozas.

As distintas comunidades solicitaron refuxios temporais e que se organizase actividades de rehabilitación social. Tamén pediron espazos nas aldeas onde se puidesen impartir clases e prestar atención a nenas e nenos. Habilitáronse 9 espazos.

Apoio psicolóxico

Contratáronse catro conselleiras para o proxecto que durante as primeiras semanas se encargaron de identificar as áreas de traballo e crear confianza coa comunidade.

Tamén se formou a 25 alumnas/os de Traballo Social da universidade de Karaikal en apoio psicolóxico e participaron nos labores de atención das persoas afectadas nas aldeas.

Atención sanitaria

Prestouse especial atención ás mulleres embarazadas, xa que moitas delas caeran ou as levara a auga durante a tsunami. Deriváronse aos hospitais e centros sanitarios para revisión, para o que se organizou o transporte e as citas cos médicos, baixo o seguimento do persoal de PDI.

Os obxectivos da actuación de emerxencia e rehabilitación son:

- Crear sensación de seguridade entre a comunidade coa presenza dun grupo que está aí para apoiálos.
- Orientar á comunidade para que poida retomar a súa vida de xeito pacífico a pesar da perda provocada pola tsunami.

- Apoiar a nenas e nenos nos seus estudos como un xeito de volver á normalidade e de crear un entorno onde se poida proporcionar apoio psicosocial.
- Transmitir as capacidades necesarias ás mulleres para que poidan comezar actividades económicas.
- Asistir á comunidade nas súas necesidades sanitarias a través dun sistema de derivación.

Atención á infancia

En todas as aldeas organizáronse clases de apoio nas que as nenas e nenos reciben axuda cos estudos e asistencia nutricional e psicolóxica. As clases son pola tarde e unha vez por semana repártense legumes como complemento nutricional.

Tamén se entregaron materiais de xogo e educativos. Esta actividade é moi apreciada: as nenas e nenos acoden regularmente e quedan ata as 8 da tarde. En abril e maio houbo un campamento de verán con actividades educativas para axudar ás/ós pequenas/os a saír do trauma. Asistiron 99.

Organizouse tamén unha excursión a Tanjore, o distrito veciño no que se atopa un dos templos máis famosos de Tamil Nadu. Acudiron 102 nenas e nenos.

REHABILITACIÓN SOCIO ECONÓMICA

Rehabilitación e desenvolvemento das mulleres

Desde o comezo dos labores de emerxencia PDI e IND prestaron especial atención á situación específica das mulleres. Consideramos que a súa participación nos procesos de reconstrución e rehabilitación non se estaba canalizando de maneira axeitada e polo tanto centramos os nosos esforzos no empoderamento e rehabilitación psicosocial das mulleres.

Durante as actividades de emerxencia iniciais, a cuestión do xénero e os problemas do alcoholismo se nos presentaron como dous puntos ineludibles na rehabilitación da comunidade. Para isto organizouse un programa de sensibilización mediante teatro de rúa en todas as aldeas.

Tamén se crearon grupos de aforro en todas as aldeas: ata o momento hai 17 grupos con 304 participantes.

Capacitación e xeración de ingresos

Desde un principio, as mulleres expresaron o seu desexo de adquirir novas capacidades laborais. Organizouse un curso de capacitación laboral para a elaboración de incenso en conos e barras e perfume, no que participaron 21 mulleres. 13 delas recibiron apoio económico para comezar os seus negocios.

Tamén se organizou unha xornada de formación sobre «Vínculos creditarios con bancos» na que se falou sobre como conseguir crédito para os grupos. Ata o mes de novembro os grupos xuntaron 2.189,09 euros.

As interaccións coas beneficiarias destes programas e outras mulleres da zona levou á conclusión de que cumpría crear centros de formación, e finalmente se estableceron en tres das doce aldeas.

Tamén nos preocupamos pola reactivación económica da mocidade. A comunidade expresou o seu interese e necesidade de aprender informática, cousa que lles é economicamente inaccesible. Por iso, estableceuse un centro de aprendizaxe con ordenadores e persoal de formación.

Tamén se decidiu apoiar a cada grupo de aforro para que establecesen unha pequena empresa. Ademais, todas as mulleres que recibiron formación tiveron a posibilidade de acceder a fondos para comezar os seus negocios.

A medida que aumentaban os grupos creados, decidiuse federalos para facilitar a coordinación de actividades. Convidouse a un experto que deu unha charla informativa, seguida dunha sesión de chuvia de ideas. As directivas dos grupos decidiron crear unha federación. O proxecto transferiu 2.040 euros á federación, que será responsable de coordinar todos os grupos.

CAPACITACIÓN DO PERSOAL

Durante a realización das actividades quedou patente a necesidade de dar formación específica ao persoal do proxecto e polo tanto organizáronse diversas xornadas con diferentes temas que se ven de seguido

- Formación de grupos de mulleres
- Formación en apoio psicolóxico
- Formación xénero
- Formación en comunicación

PLANIFICACIÓN FUTURA DA INTERVENCIÓN

Despois desta primeira fase de intervención de 11 meses, PDI propuxo continuar traballando na zona afectada e IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO decidiu apoiar o programa de maneira autónoma durante o seguinte ano.

PROGRAMA DE XERACIÓN DE INGRESOS E CAPACITACIÓN DE MILLERES (XICAM)

NORTH WOLLO, ETIOPIÁ DECEMBRO 2004 – XUÑO 2005

O obxectivo principal deste programa, que traballa en dúas comunidades de Merssa, Etiopía, é axudar ás mulleres máis pobres de entre as pobres a formar grupos de autoaxuda (GA) que lles permitan discutir sobre as súas preocupacións e problemas e atopar unha saída, desenvolvendo pautas de aforro e involucrándose en actividades de xeración de ingresos.

Os obxectivos específicos son:

- Formar ás mulleres integrantes dos grupos xa existentes para que poidan dirixi-lo grupo por si mesmas a longo prazo.
- Concienciar ás integrantes do grupo sobre os dereitos das mulleres.
- Proporcionar espazos de discusión e expresión das demandas das integrantes.
- Dotar de poder económico ás mulleres do grupo.
- Proporcionar créditos ás mulleres como fonte alternativa de ingresos.
- Proporcionar axuda económica especialmente ás mulleres cabeza de familia e outras mulleres necesitadas.
- Xerar oportunidades de emprego.
- Desenvolver os recursos humanos da comunidade.
- Aumentar o número de nenas e nenos nas escolas e as súas tarefas.
- Aumentar a taxa de alfabetización entre as mulleres.
- Concienciar sobre a importancia da educación.

Organización da comunidade

Ao inicio do programa non existían na zona asociacións de mulleres nin xuvenís, como consecuencia das malas experiencias anteriores coas institucións. Foi moi difícil cambiar a mentalidade da comunidade, pero finalmente lograronse organizar 3 grupos de mulleres. Despois dun traballo de avaliación socioeconómica da comunidade, realizáronse xuntanzas coas mulleres máis desfavorecidas para presentar-lles o proxecto e convidalas a participar nel. As que estiveron interesadas agrupáronse e decidiron as normas de funcionamento e os cargos dos grupos.

No momento de redactar este informe, o aforro total dos grupos era de 4.594,55 €

Formación de liderazgo

Coa finalidade de capacitar ás integrantes dos GA, organizouse un curso de cinco días sobre formación de liderazgo para 15 das mulleres dos GA, 5 de cada un, no que aprenderon a dirixir o seu grupo. A idea é que as asistentes difundan os coñecementos adquiridos entre as outras integrantes, garantindo así a sostenibilidade dos grupos e das actividades que realizan.

Formación sobre concienciación de xénero

O plan era formar a 15 integrantes dos GA, pero dada á pouca concienciación da comunidade sobre o tema, aumentouse o número de asistentes, incluíndose mulleres que non pertencían a ningún grupo. O número final de asistentes for 90. A formación durou 4 días, nos que tocaron os dereitos das mulleres, a dotación de poder económico, a diferenza entre sexo e xénero e os PFAs (Programa de Formación de Axudantes).

Como resultado desta formación, observouse unha mellora nos roles socioeconómicos das mulleres, na redución da violencia sexual, e cambio de condutas na práctica dos PFAs grazas á difusión do aprendido no curso na comunidade.

Formación en prácticas mercantís

Organizouse con éxito un curso de formación de 3 días para 15 integrantes que lles permitise dirixir os seus propios negocios, acadar independencia económica e aumentar os seus ingresos, asegurando así alimentos para elas e as súas familias.

Atinafa Abebe, participante no curso, 50 anos, expresa coas súas palabras a repercusión destas actividades: «Cando me integrei GA non sabía nada de actividades comerciais, pero tras a formación e participación no grupo, comecei a ser activa e agora estou un pequeno negocio de venda de “Tella” (bebida local) e pan. A miña vida é mellor que antes».

Formación e emprego de persoal de dúas comunidades de base da comunidade

Planeouse dirixir a formación de 100 persoas con diferentes modos de vida, para proporcionarlles os conceptos básicos de educación de persoas adultas

Seleccionáronse dúas mediadoras de entre as persoas formadas e empregouse persoal de comunidade de base para levar a cabo o programa.

Á vista dos resultados obtidos, outras mulleres animáronse a completar a súa educación, dando ás mediadoras unha oportunidade de xerar ingresos.

Clases de alfabetización

Outra das actividades previstas no proxecto foron as clases de alfabetización para estas mulleres. Así, 50 mulleres reciben unha educación básica alternativa que lles permite ler e escribir.

Tamén se organizaron clases de tutoría para aumentar a escolarización e mellorar o rendemento académico nas escolas, ás que asisten 40 nenas e nenos. Sobre todo axúdase moito e anímase a estudar a nenas con baixo rendemento académico. O programa está a ser un éxito de participación e resultados, e as/os traballadoras/es da comunidade de base son totalmente responsables diso.

DESENVOLVEMENTO URBANO EN TIRUCHY-III

XANEIRO 05 — DECEMBRO 05

Durante o ano 2005 completouse o terceiro ano de funcionamento do proxecto DESENVOLVEMENTO URBANO EN TIRUCHY. Este proxecto procura un desenvolvemento integral, é dicir, toca os sectores da educación, a sanidade, as actividades económicas, a organización comunitaria e os dereitos humanos e das mulleres. Encádrase nas políticas de igualdade de xénero e promoción de dereitos das mulleres así como naquelas de sanidade (control da natalidade, saúde reprodutiva) e xestión local a través do microcrédito.

O enfoque de xénero é a base do proxecto. Para resumir brevemente este aspecto sinalaremos:

- A situación e participación das mulleres foi fundamental para a recollida de datos e para a elaboración do proxecto.
- O programa determina as mulleres como grupo prioritario de traballo, isto quere dicir que en todo momento se terá en conta o impacto do proxecto na súa situación e que o propio obxectivo do proxecto busca a igualdade como vía de promover un desenvolvemento perdurable e verdadeiro.
- As mulleres son as beneficiarias principais de toda acción que as leve a mellorar a súa posición social e económica, sempre que non se agrave a súa sobrecarga de traballo.
- O programa inclúe un eixo específico dedicado á igualdade de xénero no que se busca tanto a sensibilización como a acción directa a través dun centro de recursos para mulleres. Para paliar a sobrecarga laboral das mulleres, o programa fará o posible para involucrar os homes nos sectores tradicionalmente asignados ás mulleres (saúde, educación) e na valoración e implicación no traballo doméstico.

O proxecto desenvolveu melloras en:

Educación

O analfabetismo ou nivel de estudos mínimo é unha característica da comunidade e determina a precaria situación laboral e de consciencia de dereitos e coñecemento do contorno. O estado de Tamil Nadu en xeral e o contorno urbano de Tiruchy ofrece as suficientes oportunidades de acceso a unha boa educación, pero a comunidade dos suburbios non as aproveita debido a pouca valoración da educación e á presión de distintos factores, sobre todo a pobreza económica: os nenos deixan a escola para traballar e así axudar as súas familias. No grupo beneficiario do proxecto o analfabetismo chega ao 35%, só o 24% da poboación completou estudos primarios e o 35% chegou á secundaria.

A saúde e o coidado ambiental

A dispoñibilidade de servizos sanitarios nas zonas urbanas é relativamente maior ca nas rurais, porén, a poboación dos suburbios presenta serias deficiencias sanitarias: falta de hixiene, mal saneamento, superpoboación, falta de auga, descoñecemento sobre enfermidades, ausencia de medidas preventivas e de atención médica...

As mulleres e as nenas/os son as principais vítimas. Isto demóstrao o indicador da mortalidade infantil, que en Tiruchy é de 29.9%, e da mortalidade de neonatos, de 11.8%. Outros servizos, como a vacinación de mulleres embarazadas e nenas/os son descoñecidos pola poboación beneficiaria.

O comportamento sanitario da poboación e, sobre todo das mulleres, deixa bastante que desexar no que se refire á busca de atención en caso de enfermidade. Este tipo de comportamento leva a que as enfermidades se fagan crónicas e rematen sendo graves.

Ante esta situación, o proxecto organiza campañas sanitarias de información sobre distintos temas relacionados coa saúde e formará voluntariado sanitario comunitario que se fagan cargo a longo prazo da xestión da súa comunidade. Ademais, intentarase dar resposta ás necesidades urxentes da poboación a través de campos sanitarios e apoio ás persoas con discapacidade, sobre todo para que poidan beneficiarse dos programas de benestar social. Finalmente, para mellorar a situación ambiental e de saúde, crearanse ecoclubs onde nenas e nenos recibirán formación de coidado de medio e información sobre prácticas de vida máis saudables que logo poderán transmitir ás súas familias (axeitado tratamento do lixo, coidado da auga, etc.). O proxecto fará tamén o posible para mediar co municipio para que se encargue de mellorar as condicións xerais dos suburbios. O proxecto non implica ningún impacto negativo no medio, xa que as actividades produtivas que se propoñen son a moi pequena escala e terán en conta o nivel de lixo e refugallo producido.

O empoderamento das mulleres

O noso proxecto pretende crear un eixo de sensibilización co que se busca que as mulleres e homes reflexionen sobre os seus papeis sociais. Algúns dos temas nos que intentamos incidir son: As mulleres dos suburbios ignoran totalmente a existencia do dereito civil que pode empoderalas: os dereitos de propiedade que lles son favorables, os dereitos humanos e a existencia de diferentes organizacións, asociacións e axencias que traballan no seu beneficio, as leis de protección no contorno laboral, leis antidote, contra a violencia de xénero, os castigos para os infractores, axuda policial, etc. As mulleres divorciadas e viúvas son grupos especialmente vulnerables pola baixa consideración social e pola ignorancia dos sistemas de axuda governamental que están á súa disposición.

Este compoñente de sensibilización e de empoderamento das mulleres, complementado co de capacitación laboral, cobra vital importancia no proxecto. Ademais das campañas de sensibilización que xa se mencionaron, o proxecto pretende crear axentes de igualdade (40) e un centro de atención ás mulleres onde se poidan informar sobre programas de diversa índole e recibir consello e apoio en casos de violencia ou outros. O programa inclúe un estudio específico sobre a situación das mulleres para poder realizar intervencións aínda máis fundamentadas e para dar voz ás súas necesidades.

OBXECTIVOS

Conseguir o desenvolvemento xeral da comunidade beneficiaria, en especial das mulleres, nos sectores da educación, a sanidade, a economía, o medio e a capacidade organizativa coa implicación de toda ela e o seu empoderamento para chegar a un concepto integral de desenvolvemento

Obxectivos pormenorizados

- 450 nenos recibiron recibido asistencia escolar nas clases suplementarias do proxecto.
- Incrementáronse as notas das/os nenas/os que asistiron ás clases suplementarias
- Diminuíu o abandono escolar por parte das nenas na escola intermedia.
- Organizáronse catro actividades de formación en actividades extra curriculares de dous días e un campamento de verán.
- Todas/os as/os nenas/os que asistiron ás clases de apoio recibiron formación en actividades extracurriculares e participaron en actividades lúdicas cada fin de semana.
- Estableceuse o hábito de implicación das familias na educación a través de xuntanzas mensuais de nais-pais co profesorado.
- 100 mulleres recibiron educación non formal.
- 50 mozas/os recibiron apoio especial para presentarse á reválida.

- A comunidade en xeral e en particular unhas 150 mulleres e 200 mozas recibiron formación sobre temas de saúde reprodutiva, uso de compresas, etc.
- Creouse un grupo de 30 novas/os voluntarias/os encargados de temas de saúde tanto preventiva como curativa que están encargados de derivar casos de maior gravidade.
- O 75% da poboación con discapacidade tivo a oportunidade de participar en grupos de aforro e crédito.
- A situación ambiental dos suburbios mellorou grazas á acción dos clubs ambientais formados por nenas/os.
- O nivel de sensibilización sobre dereitos das mulleres aumentou e as mulleres contan cun centro de atención con vínculos coa policía e outras instancias de apoio en situación de abusos a través do voluntariado de suburbio.
- Están funcionando 75 grupos de aforro que chegan a 1.400 mulleres.
- Formáronse 30 rapazas en distintas capacidades e 25 recibiron crédito para comezar algunha actividade produtiva.
- Formáronse 15 asociacións de mocidade mixtas.

EMPODERAMENTO DE MULLERES CABEZA DE FAMILIA.

DAIS ABABA, ETIOPÍA.

Debido á emigración masiva, o nivel de pobreza nas grandes cidades como Addis Ababa aumenta con rapidez. Nas áreas urbanas, sobre todo en Addis Ababa, a pobreza nas casas cunha muller como cabeza de familia é ata un 15% superior a aquelas cun home á fronte.

A pandemia da SIDA está minando o grupo produtivo do país: calcúlase que un 10,6% da poboación adulta do país é seropositiva.

Cómpre sinalar tamén a maioría dos 27 millóns de pobres de Etiopía son mulleres.

Situación da poboación beneficiaria

A nosa contraparte –a Organization for Prevention, Rehabilitation and Integration of Female Street Children (OPRIFS)– traballa desde o ano 2000 con nenas da rúa dos woreda 2 e 14, coñecidos tamén como Piazza e Filwuha, nos que viven 100.000 persoas. Nestas zonas hai un grande índice de consumo de drogas, abusos sexuais, prostitución de menores, etc.

Na actualidade, 200 nenas de entre 7 e 18 anos reciben apoio educativo, servizos sanitarios, titoración, recreación, formación, reunificación coas súas familias e un refuxio temporal para nenas da rúa sen fogar.

En xeral os problemas da zona de traballo son o desemprego, as condicións de traballo precarias das mulleres, mala vivenda, explotación infantil, medio insalubre e pobreza extrema.

Obxectivos xerais

O obxectivo a longo prazo é empoderar ás mulleres para que poidan saír da súa situación de precariedade e polo tanto crear un ambiente familiar e social no que as nenas poidan cubrir as súas necesidades básicas e onde se poidan respectar os seus dereitos.

ACTIVIDADES

Formación

- Recollida de datos básicos do grupo.
- Identificación dos maiores ocos en formación e contacto con formadoras/es para organizar cursos.
- Organización do curso de formación (lugar, materiais, etc.).
- Seguimento dos plans de negocio e avaliación do mercado para o grupo.
- Planificación de cursos de actualización cada 6 meses.

Planificación familiar

- Presentación do proxecto ao departamento de sanidade e as axencias implicadas.
- Asignación de un/ha integrante do persoal a este contido.
- Planificación, organización e mobilización das mulleres e rapazas para a educación sanitaria.
- Compilación de materiais para saúde reprodutiva e planificación familiar.
- Distribución de anticonceptivos.
- Organización de xuntanzas con profesionais da planificación familiar.

Microcrédito

- Establecementos de acordos con tres entidades de micro crédito que operen en Addis Ababa.
- Organización dun seminario de orientación e presentación das modalidades de aforro e crédito ás mulleres.
- Medición da formación de grupos de mulleres e asignación dun integrante do persoal para esta actividade.

- Organización semestral de xuntanzas de revisión e avaliación.

Dereitos das mulleres e das nenas

- Contratación dunha asesora para revisar estudos e documentos e presentar as distintas áreas temáticas para a actividade de sensibilización.
- Distribución de materiais impresos promocionais sobre o tema.
- Identificación das mulleres líderes para a sensibilización.
- Creación de redes con ONG de relevancia e institucións gobernamentais que traballen neste campo.

VIH/SIDA

- Contratación de un/ha formador/a en teatro e monicreques para a sensibilización.
- As beneficiarias teñen á súa disposición os materiais necesarios.

▪ 4. XESTIÓN

Durante o presente ano a estrutura organizativa de IND foi sometida a unha nova estruturación, coa incorporación de novas voluntarias e a creación de novos departamentos, coma o gabinete de prensa, ou o grupo de tradutoras en liña. Un ano máis IND foi quen de continuar o seu traballo e incluso ampliálo significativamente, tanto no campo da cooperación coma no da sensibilización.

Cómpre destacar a interacción de IND coa Coordinadora Galega de ONGD, onde IND ten un papel especialmente activo.

A Xunta Directiva seguirase encargando da dirección xeral da asociación a través da supervisión do traballo das comisións e dos seus labores estatutarios.

Finalmente, cómpre sinalar que un ano máis tódolos gastos administrativos de IND foron financiados a través do 5% da súa recadación total.

5. FINANCIAMENTO

IMPLICADAS NO DESENVOLVEMENTO conta dúas fontes de financiamento para desenvolver a súa actividade:

PROPIAS

- cotas de socias/os
- desenvolvemento de actividades
- ventas de material

ALLEAS

- públicas: subvencións oficiais
- privadas: doazóns de particulares

Durante o presente ano, o recadado dende estas dúas fontes preséntase no balance que se achega ó final deste documento

6. CONCLUSIÓNS

Un ano máis o esforzo de moitas persoas conseguiu que seguísemos avanzando. Mesmo con algunha como o case nulo crecemento e a baixa participación da base asociativa, non podemos senón facer un balance moi positivo.

A creación do gabinete de prensa permitiu aumentar grandemente a visibilidade de IND e aumentar a base do voluntariado significativamente.

Do mesmo xeito, a capacidade de mobilización de IND quedou plasmada nos 30.000 € que logramos recadar a través de doazóns da sociedade galega para o proxecto de reconstrución tras a tsunami e no rotundo éxito do *Implicate!*, así como de case todas as actividades levadas a cabo en Galicia.

Todo isto, e o feito de manter catro proxectos de cooperación ao desenvolvemento abertos simultaneamente, son indicadores inequívocos da fortaleza e consolidación da organización.

Os esforzos levados a cabo este ano foron significativos, xa que o aumento da actividade respecto a anos anteriores foi exponencial e, malia á incorporación de novas voluntarias, houbo que dedicar moito tempo para levalas a cabo. Por iso, o noso especial recoñecemento a esa especial dedicación.

Un ano máis tamén cómpre non esquecer o obxectivo de todos estes esforzos, o que nos dá azos para querer presentar unha nova memoria o ano que vén: as comunidades coas que traballamos. Elas son as que realmente realizaron os esforzos máis meritorios durante este ano, enfrontándose con especial valentía aos cambios custosos que implica o desenvolvemento. A elas o noso máis sincero agradecemento e ánimo.

Un ano máis, finalmente, despedimos a memoria co afán de crecer e de facer fronte aos novos desafíos que nacen cun novo período no que esperamos seguir contando con vós para acadar un mundo mellor para todas/os.

RESULTADOS IND ANO 2005					
Gastos	102.312,40 €	100%	Ingresos	114757,14 €	100%
Proxecto Tiruchy	18.280,63 €	18%	Ingresos Propios	25.923,25 €	23%
Transferencias	17.200,00 €		Vendas Comercio Xusto	16.566,31 €	
Materias	928,00 €		Cotas socios	6.436,00 €	
Gastos Bancarios	152,63 €		Vendas Camisetas	254,76 €	
WSOEtiopía	3.170,00 €	3%	Vendas Axendas	30,00 €	
Transferencias	3.170,00 €		Vendas entradas festival Implícate	2.636,18 €	
Proxecto Crisol	32.541,28 €	32%	Doazóns	33.503,24 €	29%
Aluguer Local	9.055,86 €		Doazóns axenda	1.250,00 €	
Salarios persoal	9.570,63 €		Doazóns	5.133,47 €	
Compras Comercio Xusto	11.012,29 €		Doazóns Sutnami	27.119,77 €	
Comunicación	715,63 €		Subvencións Xunta de Galicia	55.082,78 €	48%
Outros gastos	2.150,73 €		Tiruchy	15.018,78 €	
Gastos Bancarios	36,14 €		Sutnami	30.000,00 €	
Sutnami	38.103,00 €	37%	Actividades formativas	10.064,00 €	
Transferencias	37.800,00 €		Outros Ingresos	247,87 €	0%
Gastos Bancarios	303,00 €		Outros ingresos financeiros	3,87 €	
Proxecto axenda	3.132,00 €	3%	Ingresos extraordinarios	244,00 €	
Factura axenda	3.132,00 €				
Proxecto clubs de cooperación	5.324,35 €	5%			
Salarios persoal	2.804,03 €				
Materias	2.520,32 €				
Outros gastos	1.761,14 €	2%			
Camisetas	1.014,59 €				
Cotas Coordinadora	120,00 €				
Comisións bancarias	596,93 €				
Formación de voluntarios	29,62 €				
Beneficio	12.444,74 €				
	114.757,14 €			114.757,14 €	

+

Tesourería IND ANO 2005

Pagos		Cobros	
	106.583,95 €		119.544,01 €
Proxecto Tiruchy	17.352,63 €	Ingresos Propios	25.923,24 €
Transferencias	17.200,00 €	Vendas Comercio Xusto	16.566,30 €
Gastos Bancarios	152,63 €	Cotas socios	6.436,00 €
WSOEtiopía	3.170,00 €	Vendas Camisetas	254,76 €
Transferencias	3.170,00 €	Vendas Axendas	30,00 €
Proxecto Crisol	31.575,69 €	Vendas entradas festival Implicate	2.636,18 €
Aluguer Local	8.766,27 €	Doazóns	33.503,24 €
Salarios persoal	9.305,55 €	Doazóns axenda	1.250,00 €
Compras Comercio Xusto	10.601,37 €	Doazóns	5.133,47 €
Comunicación	715,63 €	Doazóns Tsunami	27.119,77 €
Outros gastos	2.150,73 €	Subvencións Xunta de Galicia	59.869,66 €
Gastos Bancarios	36,14 €	Tiruchy	12.840,66 €
Tsunami	38.103,00 €	Tsunami	24.000,00 €
Transferencias	37.800,00 €	Crisol	12.500,00 €
Gastos Bancarios	303,00 €	Subvención voces	1.039,00 €
Proxecto axenda	3.090,00 €	Actividades formativas	8.700,00 €
Factura axenda	3.090,00 €	Subvención Axenda 2004	790,00 €
Proxecto clubs de cooperación	2.888,88 €	Outros Ingresos	247,87 €
Salarios persoal	2.804,03 €	Outros ingresos financeiros	3,87 €
Materias	84,85 €	Outros ingresos	244,00 €
Outros gastos	10.403,75 €		
Camisetas	1.014,59 €		
Cotas Coordinadora	120,00 €		
Deposito en Viaxes Halcon	2.000,00 €		
Comisións bancarias	560,12 €		
Formación de voluntarios	29,62 €		

Facturas Año Anterior	6.679,42 €		
Cobros - Pagos	12.960,06 €		
Saldo final de ejercicio	20.984,04 €	Saldo inicial de tesourería	8.023,98 €
	127.567,99 €		127.567,99 €

Balance IND ANO 2005

Activo		Pasivo	
Debedor		Acredores	13.842,12 €
		Débedas de postais con DPG	2.078,88 €
Xunta de Galicia	22.390,00 €	Ideas, tiendas de la solidario	1.580,01 €
Crisol	7.500,00 €	Alternativa 3	1.098,37 €
Tsunami	6.000,00 €	Intemón Oxfam	804,10 €
Tiruchy III - 05	8.890,00 €	Mundo Solidario	1.230,09 €
Entidades Particulares	4.402,88 €	Serxio Bandín ilustración e dese	5.656,00 €
Caixa Galicia,	2.755,38 €	H.P. Acree. Reten. Practicada	1.164,39 €
Fondo Galego Coop	1.647,50 €	Seguridade Social Acredora	230,28 €
Concello de Vigo	1.364,00 €		
Concello de Vigo	1.364,00 €		
Debedores	2.000,00 €		
Halcon Viaxes	2.000,00 €	Beneficios	37.298,80 €
Tesourería	20.984,04 €	Años Anteriores	24.854,06 €
BBVA1	7.546,81 €	Año 2005	12.444,74 €
BBVA2	6.196,58 €		

Caixa Galicia	4.000,62 €		
Caixanova	3.168,03 €		
Caixa Crisol	72,00 €		
Total Activo	51.140,92 €	Total Pasivo	51.140,92 €